

FATHER MOTHER SISTER BROTHER

Jim Jarmusch, 2025

ESTREA EN NUMAX: 24.12.2025 | V.O.S.E. | 110 min

Tres historias sobre relacións distantes entre pais e fillos. Todas teñen lugar na actualidade, pero cada unha nun país diferente. O filme é estudo de personaxes tranquilo, observacional e sen prexuizos. Unha comedia pero entretecida con fíos de melancolía.

«Tan fermosa e melancólica que
dan ganas de chorar de pura
felicidade»

Manu Yáñez, FOTOGRAMAS

1655



Entrevista con Jim Jarmusch: «Escribo pensando en actores específicos, ese é o auténtico impulso»

Por Jan Lumholdt

A primeira pregunta é obvia: ata que punto te inspiraches na túa propia familia?

Algunhas cousas divertidas e interesantes sobre a miña familia filtráronse no guión, como os xemelgos da terceira historia, interpretados por Indya Moore e Luka Sabbat. A miña nai e o seu irmán eran xemelgos e parecían conectados telepaticamente. Xúroche que, ás veces, na miña casa empezaba a soar o teléfono e a miña nai dicía: "É Bob", e era Bob. Outras veces dicía: "Creo que Bob non se atopa ben hoxe". Entón chamaba: "Oh, tes a gripe, presentíao". De neno, observando estas cousas, preguntábame: "Como funciona exactamente?".

O meu tío chamábase Bob. O meu pai tamén se chamaba Bob. Cando estaba cos meus curmáns, sempre xurdía a confusión: "Onde está o tío Bob?". "O teu tío Bob ou o meu tío Bob?". Pero en xeral, non é unha historia autobiográfica. Realmente non sei por que a escribín. Son moi intuitivo no que fago, non analítico. Normalmente, as ideas acompañanme durante un ou dous anos e logo escribo o guión moi rápido. Esta idea levaba comigo varios meses e, de súpeto, escribín o guión moi rápido.

Cal foi a primeira historia que se che ocorreu? A que protagoniza Tom Waits como pai de Adam Driver e Mayim Bialik. Mayim é unha especie de estrela infantil da televisión estadounidense pero a verdade é que eu non o sabía porque non vexo moito a televisión. Por outra banda, encántame "Jeopardy", e ela era a miña presentadora favorita. Posteriormente pensei que encaixaría perfectamente como a irmá de Adam nesta pequena historia. Ese foi o comezo. E mentres escribía ese primeiro capítulo, os outros fóronse formando misteriosamente. Escribo pensando en actores específicos, así que ese é o auténtico impulso.

Traballaches con grandes nomes ao longo dos anos. Aquí temos a Charlotte Rampling, Vicky Krieps e Cate Blanchett. É fácil convencer a estas estrelas? Estaban contentas de participar nunha película de Jim Jarmusch? Parece que si. Saben que as aprecio moito. Son moi colaborativo e non teño medo ao achegarme a elas. Cunha excepción: Robert Mitchum. Nunca me sentín intimidado traballando con xente famosa, excepto cando rodei *Dead Man*. Empezamos a rodar e eu estaba alí de pé, pensando: "Ostia, estou a dirixir ao puto Robert Mitchum". O certo é que era moi xeneroso e divertido: "Como está vostede hoxe, señor Mitchum?", preguntáballe. "Peor!!!", respondía.

O teu estilo foi coherente desde o principio, incluíndo o uso de silencios nos diálogos. Lembras que te levou a descubrir isto? É parte da miña traxectoria cinematográfica. Pasei das películas de monstros que se proxectaban en Akron, Ohio, cando era neno, a París, como estudante que nunca terminou os seus estudos porque vivía na cinemateca descubrindo a directores como Dreyer, Naruse, Bresson e Ozu, que utilizaban ritmos diferentes comparados cos de Hollywood e outras películas estadounidenses.

Publicado en cineuropa.org